

Os naufragios dos Lances.

Os Lances é unha praia de máis de 7 kilómetros no municipio de Tarifa, moi frecuentada á que habitualmente acude gran cantidade de xente. Baixo a auga, tamén son abundas as pegadas de actividade humana.

Ourizos, corais, algas e gorgonias dispútanse vellas áncoras xa integradas na paisaxe, namentres que peixes, como o tres colas, merodean arredor de sí buscando acubillo e alimento. Os ferros, en tempos monocromos e anodinos, enchéronse de cores, formas e texturas.

Aquí, fronte a Tarifa, naufragou en 1804 o Acchille, barco de pavillón ruso, procedente de Grecia e cargado de trigo. En 1821, marchou a pique o buque Estrella Feliz, que iba de Vilareal a Xénova, con bandeira de Cerdeña, cargado de atún, trigo e anchoas. E en 1837 foi o Don Juan, que levaba froita e chumbo de Málaga a Londres. O temporal de 1856 foi o máis violento do século XIX; acabou co bricbarca angloamericano Slufer Cheslur, que zarpara do porto peruano de El Callao catro meses antes. E ese mesmo ano, en marzo, afundiú o Miño. O cruceiro Reina Regente Reina Regente afundiú en 1895, cando volvía de levar unha delegación diplomática marroquí a Tánxer. A caldeira permaneceu na praia durante anos. E como todos estes, uns cantos enxeños máis pereceron fronte aos Lances.

O século XIX foi do vapor, e con el o dos barcos que cargaban mercadorías e pasaxe dunha punta a outra do mundo. Crían poder dominar o mundo e as súas tempestades, pero, con frecuencia, as correntes, o vento e os baixos da costa impuñan o seu xuízo inapelable.

Agora, eses ferros son todos iguais, describen buracos que dan paso da escuridade ao máis escuro, e logo ás cores da vida.

Tapizados por gorgonias, corais e esponxas, visitados unha e outra vez por peixes, estrelas de mar, polbos e ourizos, o ferro convertiuse en soporte e refuxio de seres vivos.

Que a historia de máquinas e construcións se conxugue con formas de vida complexas supón case unha metáfora das limitacións da capacidade humana.

O mar sempre atopa a oportunidade de lle recordar ao home a súa fragilidade, aínda que éste non se queda atrás á hora de dar con novas e imaxinativas solucións para explorar os confíns.

E os confíns non sempre están lonxe. Ás veces, son alfombrados por gorgonias e esponxas que se aferran ás naufragadas tribulacións dun mariño.

Outras veces, os confíns non van alén dos recantos nos que se agochan os peixes ou da superficie que explora un caranguexo.

O certo é que o mar sempre dá un aire ingrátido a canto cae no seu seo, sexa vivo ou inerte, presente ou pasado.

O mar foi a empresa de navegantes que querían cruzar o Estreito, como os do Achille, o Estrella Feliz, o Don Juan, o Slufer Cheslur, o Miño, o Reina Regente e tantos outros, que se aventuraron e perderon a partida na praia dos Lances, sementada agora de mamparos, áncoras, mastros, caldeiras, lingotes e cornamusas.